

Oito razóns para ler poesía galega de hoxe

O crítico vigués fai unha escolma de entre os mellores libros publicados no 2022

RAMÓN NICOLÁS

Que o ano 2022 foi probablemente óptimo para a poesía galega confirmo a calidade de publicacións que neste período viron a luz. Velaquí unha pequena escolma do xénero entre os títulos editados máis recentemente da man de voces novas ou novísimas e doutras asentadas que matizan os seus camiños estéticos, alén dalgunha reedición relevante.

Teño para min que unha das achegas máis substantivas vén da man de Iago González (Arnude, Vilar de Barrio, 1999) que no título *O lugariño* (Chan da Pólvora) abre as portas a unha reflexión sobre un territorio amado polo autor mais que se proxecta, con intensidade e brillantez, cara a outros espazos, esquecidos e abandonados probablemente mais onde, por fortuna, aínda late a vida. Olga Novo di del que é un poeta abisal e non lle falta razón: no libro suca o mundo, e o máis profundo deste, cunha ollada propia, por veces chea de esgazaduras e sempre cegadora.

Dúas voces recoñecidas deixaron senllos libros importantes. Refírome a Yolanda Castaño que en *Materia* (Xerais) articula un libro polifónico, sustentado nos tres estados que a conforman e que son operativos para abordar realidades en tres tempos posibles; nel rabuña, ata case facer sangrar, na memoria familiar e persoal para abordar asuntos como a maternidade, o corpo, das palabras ou os propios afectos. E refírome tamén a Antía Otero que en *Barroco* (Apiario) ofrece un libro exquisito, cheo de matices e irisacións, no que se semantan con emoción partículas de po: pan de ouro e tamén perda e ferida. Libro no que para a idea da reconstrución que afonda na memoria, no mundo natural, na vida que se enlaza coa morte e nos seus tránsitos naturais, con numerosos elementos implícitos que recrean o movemento artístico que latexa no título.

Pola súa parte, Ánxela Gracián



Iago González

«*O lugariño*»

Nado en 1999 en Vilar de Barrio (Ourense), gañou o premio Minerva de poesía con 16 anos



Luz Campello

«*Ben sabe o mar...*»

Nada en Guitiriz en 1966, compaxina a vocación poética co seu labor no hospital



Yolanda Castaño

«*Materia*»

Nada en Santiago en 1977, é unha presenza imprescindible na escena literaria galega



Xoán Abeleira

«*As nosas sombras...*»

Fillo de emigrantes galegos, naceu en 1963 en Maracay (Venezuela) e é un reputado tradutor



Antía Otero

«*Barroco*»

A poeta estradense Antía Otero (1982) codirixe o selo Apiario con Dores Tembrás



Clara Pino

«*Fenómeno fan*»

Clara Pino (Vigo, 1972) é profesora e ten unha notable traxectoria como cantante e arpista



Ánxela Gracián

«*Paisaxes de pan*»

Nada en Castroverde en 1968, é tradutora e ten unha ampla obra na literatura infanto-xuvenil



Xosé Iglesias

«*Atlántico Norte, chamádeme Ismael*»

Mariñeiro nado en Cee en 1974, a súa obra non se entende sen o mar

entrega unha edición ampliada dun volume que vira a luz nunha edición de circulación restrinxida. Velaí o seu *Paisaxes de pan* (Edicións Fervenza), prologado con tino por Xesús Alonso Montero, onde se ofrece unha ollada sobre a aldea natal para rescatar a infancia da autora poboada polos perfís heroicos e resistentes das mulleres que a rodearon e que se homenaxean desde o humus nutricional que é o pan e que, xunto coa a palabra, conforman a persoa. A gutiricense Luz Campello agasalla en *Ben sabe o mar que posúo o botín das piratas* (Galaxia) un libro onde aos esteos que sosteñen a súa obra anterior —a reclamación da propia identidade e a sororidade— súmase unha ansia de renovación, de ir máis alá do baleiro, da dor e do dano para superar a ferida, cun diálogo continuo con figuras míticas, literarias e mitolóxicas

do pasado clásico que actúan dun volume que vira a luz nunha edición de circulación restrinxida. Velaí o seu *Paisaxes de pan* (Edicións Fervenza), prologado con tino por Xesús Alonso Montero, onde se ofrece unha ollada sobre a aldea natal para rescatar a infancia da autora poboada polos perfís heroicos e resistentes das mulleres que a rodearon e que se homenaxean desde o humus nutricional que é o pan e que, xunto coa a palabra, conforman a persoa. A gutiricense Luz Campello agasalla en *Ben sabe o mar que posúo o botín das piratas* (Galaxia) un libro onde aos esteos que sosteñen a súa obra anterior —a reclamación da propia identidade e a sororidade— súmase unha ansia de renovación, de ir máis alá do baleiro, da dor e do dano para superar a ferida, cun diálogo continuo con figuras míticas, literarias e mitolóxicas

Clara Pino ofrece en *Fenómeno fan* (Editorial Elvira) a súa primeira, e para min afortunada, incursión poética. Faino nun libro-objeto coadadísimo cunha arrebatadora lectura plástica a cargo de Xavier Magalhães que incorpora o diálogo entre manifestacións artísticas para limpar «lixos acústicos» e a «contaminación lumínica» que agroma imparable como afirma Andrea Fer-

nández Maneiro no limiar do volume. Pino aceira unha voz crítica para construír un palimpsesto que á vez é unha cartografía do noso tempo e un canto matriarcal feito desde a autoafirmación e con moita música de fondo, contra a indecencia e a indignidade.

Por último *Atlántico Norte, chamádeme Ismael* (Caldeirón) o terceiro libro de Xosé Iglesias e no que porfía en abordar a experiencia do mar como vivencia e necesidade cotiá. Vida e escrita van aquí de mans dadas, sinala Eva Veiga no prólogo do libro, e sen dúbida é así. Velaquí un xogo no que nos aparece o capitán Ahab a percorrer o Atlántico Norte: ese Ismael do *Moby Dick* que é Xosé Iglesias, o mariñeiro que, porén, ama as baleas, símbolo do único ecoloxismo posible que traza derrotas fronte a descoñecido para atopar a propia liberdade.

PARA LER



«El libro de las brujas»

Shahrugh Husain

Traducción de Andrea Daga

Editorial Impedimenta

392 páginas. 25,25 euros

H. J. P. REDACCIÓN / LA VOZ

No hace falta apelar al tan maldito Halloween para recordar el interés que siempre ha despertado la figura de la bruja, lo que en la tradición popular gallega viene siendo la meiga. La apariencia exterior de esta mujer misteriosa e independiente ha dado tanto de sí como para terminar banalizada o convertida en un icono pop. La escritora y cineasta asiática afincada en Londres Shahrugh Husain (Karachi, 1950) confiesa que siempre se ha sentido seducida, desde niña, por su halo sobrenatural. Solo esta pasión explica que se haya involucrado en un proyecto como el que concretó en *El libro de las brujas* (1993), que vierte al castellano Impedimenta en una oportuna edición para estas fechas de regalos navideños. A esta pasión, además, suma su convencimiento de que detrás del resurgir de este personaje no hay solo una moda pasajera sino que la bruja ha vuelto porque «está furiosa y conoce bien su fuerza». Tras una ardua indagación, la autora pakistaní recrea historias traídas desde diferentes culturas alrededor de estas mujeres audaces, cuyas andanzas empapan el imaginario popular y que, en muchos casos, habrían de terminar ahorcadas, ahogadas o quemadas en la hoguera. Husain sostiene que estos relatos de autonomía y carácter representan perfectamente la lucha de la mujer de hoy en día por reivindicar su espacio y su protagonismo, liberando su ira «prohibida y acallada durante tanto tiempo». Los ecos de persecución y asesinato llegan por tanto desde la Edad Media —entre 1450 y 1750 se produjo en Europa y América lo que se denomina *caza de brujas*—, pero la misoginia y la desigualdad —y la brutal violencia que llevan aparejada— permanecen en la sociedad actual. Entonces estas bravas mujeres —a las que se acusaba desde la ignorancia y el prejuicio de irracionalidad, tortura, crueldad, avaricia, sed de sangre y perversidad sexual— no se callaron, y tampoco ahora el silencio ha de triunfar. Bienvenido sea este festín de feminidad.

Récord de participación nos Mestre Mateo, con 194 obras

G. N. REDACCIÓN / LA VOZ

Ata 194 obras e 489 profesionais competirán por obter algún dos 26 galardóns que se poñen en xogo na gala dos Mestre Mateo. A Academia Galega do Audiovisual inaugura o ano co inicio da primeira rolda de votacións para elixir os finalistas da 21.ª edición dos premios, aberta ata as 14 horas do 30 de xaneiro. O número de obras presentadas supón unha suba do 19,7% con respecto ao 2022. Entre os datos positivos en relación ao uso da lingua propia, sinala a entidade, o 67,3% dos traballos teñen

a súa versión orixinal en galego.

Salientable é a saúde da animación, despois da ausencia total no 2022. Se ben curtametraxe de animación é recorrente nas sucesivas edicións dos premios (só nos 2022 e 2015 non existiu no palmarés) non sucede así coas longametraxes: habería que remontarse á edición número 13 para atopar tres longametraxes de animación entre as candidatas.

A calidade da animación vese referendada polo paso polos Goya das longas finalistas: *Valentina* foi gañadora na categoría de mellor

película de animación no 2022 e *Unicorn Wars* é finalista este ano. Tomando como referencia as candidaturas á edición 20.ª, este ano advírtese tamén un incremento significativo na produción de videoclips, anuncios publicitarios e documentais, sendo case un 60% máis os traballos presentados na primeira categoría, un 47,3% na segunda e un 17,8% na terceira.

Sete películas, unha menos que no 2022, competirán por seren a mellor longa. Agás *A mazá de ouro*, dirixida por Jaime Chávarri, todas están dirixidas por acadé-

micos: *Código Emperador*, do último gañador do Mestre Mateo á dirección, Jorge Coira; *El tirabuzón*, de Darío Aufrán, quen tamén é autor do guiño, produtor e protagonista do filme; *Live is Life*, de Dani de la Torre; *O corpo aberto*, de Ángeles Huerta; *O home e o can*, de Ángel de la Cruz; e *Sofía Casanova, a obreira do pensamento*, de Zaza Ceballos (co-dirixida con Noelia Muño).

Anunciados os finalistas, abriase outra votación para elixir ás gañadoras, que se coñecerán na gala do 11 de marzo en Ourense.